



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

PUBLICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO ADOPTADO EN SESIÓN CELEBRADA O 18 DE OUTUBRO 2024, AO OBXECTO DE APROBAR A CONVOCATORIA DAS AXUDAS PARA BOLSAS DE ESTUDOS PARA OS EMPREGADOS PÚBLICOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTES AO CURSO ACADÉMICO 2023/2024.

De acordo co establecido nos artigos 53 e concordantes do Acordo Marco Único para o persoal funcionario e 56 e concordantes do Convenio Colectivo para o persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo, publicados no BOP de Lugo de datas 31-01-91 e 30-08-90 respectivamente, *convócase o seguinte*:

Concurso para a adxudicación de bolsas de estudos para os empregados públicos da Deputación Provincial, correspondente ao curso académico 2023-2024, que se rexerá polas seguintes bases:

Primeira.- Serán beneficiarios destas bolsas de estudos: os empregados públicos desta Deputación, aos que lles é de aplicación o Acordo Marco Único e o Convenio Colectivo Único e aos seus fillos ou orfos.

Segunda.- As axudas a conceder aos alumnos (fillos ou orfos dos empregados públicos da Deputación que residan no concello do Centro Académico), consistirán en bolsas de estudos para as seguintes ensinanzas e nas contías que se indican e que se clasifican, en tres tramos, segundo o total importe retributivo ordinario anual (soldo ou pensión) do/a empregado/a provincial co que gardan a relación de parentesco filial:

CLASIFICACIÓN (LO 3/2020, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE MODIFICA A LEY ORGÁNICA 2/2006, DE 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN)			CONTÍA BÁSICA	≤35.000€ e ≥25.000€	<25.000€
a) ED. INFANTIL	0-3 anos		----	-----	-----
	3-6 anos		105,94	127,13	137,72
b) ED. BÁSICA	ED. PRIMARIA	1º CICLO: 6,7 anos	152,22	182,66	197,89
		2º CICLO: 8,9 anos	152,22	182,66	197,89
		3º CICLO: 10,11 anos	185,27	222,32	240,85
	ESO	1º CICLO: 12,13 anos	185,27	222,32	240,85
		2º CICLO: 14,15 anos	251,38	301,66	326,79
c) ED. SECUNDARIA POSTOBLIGATORIA	BAC		251,38	301,66	326,79
	FP GRAO MEDIO		251,38	301,66	326,79
	ENS. PROF. ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO GRAO MEDIO		251,38	301,66	326,79
	ENS. DEPORTIVAS GRAO MEDIO		251,38	301,66	326,79
d) ED. SUPERIOR	FP GRAO SUPERIOR		251,38	301,66	326,79

CLASIFICACIÓN (LO 3/2020, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE MODIFICA A LEY ORGÁNICA 2/2006, DE 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN)		CONTÍA BÁSICA	≤35.000€ e ≥25.000€	<25.000€
	ENS. PROF. ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO GRAO SUPERIOR	251,38	301,66	326,79
	ENS. DEPORTIVAS GRAO SUPERIOR	251,38	301,66	326,79
	ENS. ARTÍSTICAS SUPERIORES	251,38	301,66	326,79
	ENS. UNIVERSITARIAS (diplomatura, licenciatura e similares e grao universitario, primeiro máster Universitario Oficial)	681,11	817,33	885,44
e) ENS. DE RÉXIME ESPECIAL	ENS. DE IDIOMAS	72,89	87,47	94,76
	ENS. ARTÍSTICAS	72,89	87,47	94,76
	ENS. DEPORTIVAS	72,89	87,47	94,76
f) PROXECTO		185,27	222,32	240,85

As axudas que se recollen no cadro anterior tamén serán de aplicación para aqueles fillos ou orfos de empregados provinciais que sigan estudos de ensinanzas non reguladas e teñan acreditada legalmente a condición de persoas con capacidades diferentes.

Terceira.- Estas contías rexerán para o curso 2023-2024.

Cuarta.- Criterios para a adxudicación das bolsas de estudos:

1º.- Soamente se concederá **unha bolsa de estudo por estudante e curso académico**, debendo presentar unha solicitude acompañada da documentación que se refire na base sétima.

2º.- Se o traballador non prestara servizos durante o período que corresponde ao ano escolar, a axuda será proporcional ao tempo traballado.

3º.- Os alumnos con necesidade específica de apoio educativo derivada de discapacidade ou trastornos graves de conduta, debidamente acreditado, poderán solicitar a axuda para o mesmo curso para o que xa a tivesen concedida.

Na concesión de axudas terán preferencia os cursos e ensinanzas de carácter obrigatorio.

4º.- Se no presente ano se solicita unha axuda para un curso ou carreira distinta da que se cobrou o ano anterior, poderase renovar a axuda para o mesmo curso, sempre que se xustifique aprobar o 100% do curso para o que se solicitou e percibiu a bolsa de estudos anterior.

5º.- As devanditas cantidades **incrementaranse en 213,33 € para cada curso cando os alumnos non residan no mesmo concello onde figuran empadroados e, en 119,16 € cando non estean matriculados no mesmo concello onde estean empadroados, aínda que residan neste.**

6º.- As contías de todas estas bolsas de estudos **serán elevadas ata o dobre do seu importe cando o beneficiario sexa orfo de empregado público provincial.**

Quinta.- As axudas a conceder **aos empregados públicos en activo desta Excma. Deputación Provincial**, consistirán en bolsas de estudo para as seguintes ensinanzas e nas contías que se indican:

. Aboarase o importe xustificado como gastado, ata un máximo de **72,89 €**, para as ensinanzas previstas no apartado e) da base segunda, que teñan carácter oficial ou homologado.

. Aboarase o importe xustificado como gastado, ata un máximo de **251,38 €**, para as ensinanzas comprendidas na base segunda, apartados c) e d) excluídas as ensinanzas universitarias que teñan carácter oficial ou homologado.

. Aboarase o importe xustificado como gastado, ata un máximo de **681,11 €**, para as ensinanzas universitarias (curso de acceso á UNED, diplomatura, licenciatura e similares, grao universitario, máster universitario e doutorado) que teñan carácter oficial ou homologado.

. Concédese a devandita axuda para sufragar os gastos de matrícula e libros, sendo necesaria a presentación de facturas exustificante dos estudos cursados no ano académico 2023-24, con cada instancia presentada.

As contías máximas das axudas sinaladas nos anteriores parágrafos desta base quinta, veranse incrementadas nun 30 % para o persoal cuxas retribucións ordinarias anuais sexan inferiores a 25.000 € en un 20% para o persoal cuxas retribucións ordinarias anuais estean comprendidas entre 25.000 e 35.000 €, tomando como referencia as retribucións do exercicio económico no período desde 1 setembro 2023 a 31 agosto 2024. A estes efectos entenderase como retribucións ordinarias a suma dos importes das retribucións polos conceptos de soldo base, trienios, complemento de destino, complemento específico e pagas extraordinarias.

Sexta.- Motivos para denegar ou renunciar á axuda.

1º.- Non comezar os seus estudos dentro do primeiro trimestre escolar do curso para o que foi concedida, salvo casos de forza maior.

2º.- Non presentarse aos exames dos estudos nos que estea matriculado e para os que solicita a bolsa de estudos.

No caso de que se aprecie no solicitante intención fraudulenta, ou este cometera calquera tipo de acción tendente a confundir, ocultar ou aparentar circunstancias, a Comisión de Valoración propoñerá á Xunta de Goberno que esixa o reintegro das cantidades percibidas dende a comisión do acto fraudulento, quedando inhabilitado durante cinco anos para percibir calquera outra axuda das reguladas nestas bases e outros regulamentos da Deputación, sen prexuízo das responsabilidades que, por outra vía, se poidan esixir.

Sétima.- Documentación que deberán presentar obrigatoriamente dentro do prazo de presentación de instancias, para a concesión da bolsa de estudos.

1º.-Xustificante dos estudos cursados no ano académico 2023-2024.

2º.- Os empregados públicos deberán presentar os xustificantes dos gastos realizados.

3º.- Certificado de empadramento, se é o caso.

4º.- Para xustificar o punto quinto da base cuarta, acreditación documental da residencia do municipio onde estean matriculados (factura da residencia universitaria, factura do pagamento do aluguer da vivenda, etc).

5º.- Cando se observe que algún requisito dos esixidos nas presentes bases non está suficientemente acreditado, poderáselle pedir ao solicitante que entregue, a maiores do sinalado nos puntos anteriores, a xustificación que se estime suficiente, expresando na notificación o motivo da petición e outorgándolle un prazo non inferior a 5 días hábiles.

6º.- Documentación acreditativa oficial dos ingresos por pensión de xubilación, invalidez, viudedade ou orfandade nos casos de solicitantes que non estean en situación administrativa de servizo activo. Nestes supostos, se non se achega a citada documentación coa solicitude, entenderase de aplicación a contía básica.

Oitava.- Presentación das instancias

As persoas solicitantes deberán presentar a solicitude preferentemente a través da Sede Electrónica da Deputación Provincial de Lugo, seguindo as pautas que se sinalan a continuación ou ben a través do Rexistro Presencial:

- a) Entrar na web corporativa da Deputación de Lugo - sede electrónica - empregado deputación - fondo social: axuda bolsas de estudos - alta de solicitude.
- b) Acceder mediante certificado dixital.
- c) Cumprimentar a solicitude/formulario electrónico.
- d) Incorporar necesariamente a documentación acreditativa á que se fai referencia na base sétima.
- e) Asinar e rexistrar a solicitude.

Novena.- Prazo de presentación

A instancia para optar a esta axuda será presentada no prazo de **15 DÍAS NATURAIS**, que contará dende o día seguinte ao da data de publicación no BOP de Lugo, do que se remitirá unha copia a todos os servizos e centros da Deputación.

Décima.- Comisión de Valoración

a) A Comisión de Valoración do concurso estará integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTE:

A Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo ou membro da Corporación que a substitúa.

VOGAIS:

- A Deputada Delegada de Economía, Recadación e Facenda ou membro da Corporación que a substitúa.
- A Xefa do servizo de Recursos Humanos ou funcionario/a que o substitúa.
- O Presidente da Xunta de Persoal ou membro da mesma que o substitúa.
- A Presidenta do Comité de Empresa ou membro do mesmo que o substitúa.

SECRETARIO/A:

O Secretario da Corporación, con voz e voto, podendo ser substituído por un/unha funcionario/a con habilitación de carácter nacional, que preste servizos nesta Entidade ou por funcionario que regulamentariamente o substitúa.

b) Incorporación de asesores e persoal de colaboración

A Comisión de Valoración poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores naqueles casos nos que se demande oír a opinión de técnicos especialistas, así como de colaboradores en tarefas de asistencia e colaboración.

c) Pagamento de asistencias aos membros da Comisión de Valoración.

Os membros da Comisión de Valoración, así como os asesores ou persoal de colaboración que se incorporen, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida no RD 462/2002 de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta vixentes na data do feito causante, na categoría primeira.

Undécima.- A Comisión de Valoración, unha vez realizado o seu cometido, formulará á Xunta de Goberno proposta das bolsas de estudos que se concederán, e que se resolverá tendo en conta que, non poderá exceder do límite da cantidade de crédito orzamentario dispoñible para tal fin.

Duodécima.- As cantidades asignadas serán de carácter fixo, segundo os niveis para os que se solicitan e de conformidade coa táboa que figura nas bases podendo, no suposto de non ser suficiente a cantidade presupostada, reducir as asignacións individuais nunha proporción equivalente ao exceso que resulte da suma total en relación co tope máximo establecido.

Pazo Provincial,

Lugo, 18 de outubro de 2024.- O secretario, José Antonio Mourelle Cillero.

SOLICITUDE
BOLSA DE ESTUDOS PARA O CURSO 2023/2024

DATOS DO/A BENEFICIARIO/A:D./D^a. _____ DNI _____

ENDEREZO _____ TFNO: _____

PENSIONISTA

FUNCIONARIO

PERSONAL EN ACTIVO

LABORAL

UNIDADE ONDE PRESTA SERVIZOS _____

DATOS DO/DA CAUSANTE:

BENEFICIARIO

FILLO

ORFO (*) _____

Apelidos e Nome	Idade	Estudios	Localidade	Curso

¿REPITE CURSO? SI NON

DECLARACIÓN XURADA:**O QUE ABAIXO ASINA:****DECLARA**, que son certos todos e cada un dos datos consignados nesta solicitude.**SOLICITA**: Que lle sexa concedida a BOLSA DE ESTUDOS na contía que estableza a Comisión de Valoración, segundo o exposto nas Bases confeccionadas para a presente concesión de BOLSAS DE ESTUDOS, para o persoal desta Deputación Provincial.**(*) Apelidos, nome e praza que desempeñou o falecido**

Lugo, de de 2024

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS	
Responsable	DEPUTACIÓN DE LUGO
Finalidade	Tramitación de bolsas de estudos, vivenda e gardería
Lexitimación	Cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento
Destinatarios	Non previstos
Dereitos	Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade dos datos.
Procedencia	O propio interesado ou o seu representante legal.

Para información adicional relativa á protección dos seus datos, por favor, consulte o enlace web seguinte:

https://deputacionlugo.gal/gl/rexistro_actividades_tratamento/xestion_servizo_rrhh

R. 3136

Anuncio

PUBLICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO ADOPTADO EN SESIÓN CELEBRADA O 18 DE OUTUBRO DE 2024 AO ABXECTO DE APROBAR A CONVOCATORIA DAS AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN OU REHABILITACIÓN DE VIVENDA HABITUAL PARA OS EMPREGADOS PÚBLICOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTES AO ANO 2023.

En cumprimento co establecido no artigo 58 do Convenio Colectivo Único para persoal laboral da Deputación Provincial e no artigo 55 do Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación Provincial, publicados no BOP con data 30/08/1990 e 31/01/1991, respectivamente, convócase concurso para a adxudicación de axudas para adquisición ou rehabilitación de vivenda habitual, correspondente ao **ano 2023**, para os empregados públicos da Excm. Deputación Provincial incluídos no ámbito de aplicación do Acordo Marco Único e Convenio Colectivo Único, de acordo coas seguintes bases:

Primeira.- As axudas que se poden conceder consistirán nunha cantidade que se determinará tendo en conta os seguintes criterios:

- As axudas calcularanse sobre a contía do préstamo ou préstamos que se dediquen á compra de vivenda habitual sen que esta poida superar 60.101,21 euros. Desta cantidade inicial detraerase anualmente a cantidade amortizada, calculándose sobre esta os xuros anuais sobre os que se calculará a axuda.
- A contía da axuda cuantificarase aplicando ata 2 puntos de xuro ao préstamo correspondente cuantificado conforme se determina no apartado anterior, a partir dun 1% inicial a aboar sempre polo solicitante.

Segunda.- Para solicitar o financiamento de xuros por compra ou rehabilitación de vivenda requirirase:

- Ser empregado público (persoal funcionario ou laboral) desta Deputación Provincial e estar dentro do ámbito persoal de aplicación do Acordo Marco Único e o Convenio Colectivo Único. Se o traballador non prestara servizos durante o ano completo, a axuda será proporcional ao tempo traballado.
- Estar xubilado ou ser pensionista desta Deputación, sempre que con antelación ó momento de percibir a pensión tiveran concedido un préstamo para compra ou rehabilitación de vivenda.
- Ter concedido un préstamo por unha entidade financeira para adquisición ou rehabilitación de vivenda habitual e ter satisfeitos xuros no ano 2023. É requisito imprescindible que o préstamo estea destinado á adquisición de vivenda habitual, de xeito que a parte do mesmo que non se aplique á indicada finalidade, quedará excluída da presente axuda. No suposto de que a axuda este destinada á rehabilitación dunha vivenda que vaia servir como domicilio principal do solicitante, ademais da documentación do préstamo deberase aportar o proxecto que avale e documento tales obras como rehabilitación.
- No caso de que ambos os dous cónxuxes sexan empregados desta Deputación, só se concederá unha axuda por vivenda.

Terceira.- Solicitudes, prazo e presentación.

Solicitudes

As axudas deberán ser solicitadas polos interesados mediante instancia con declaración xurada de que son certos os datos consignados na devandita declaración, en modelo oficial que estará á disposición no Rexistro Xeral e na Sede Electrónica da Deputación Provincial de Lugo, dirixida á Presidencia da Deputación Provincial.

Prazo

A instancia para optar a esta axuda será presentada no prazo de **15 DÍAS NATURAIS**, que contará dende o día seguinte ao da data de publicación no BOP de Lugo, do que se remitirá unha copia a todos os servizos e centros da Deputación.

Presentación.

As persoas solicitantes deberán presentar a solicitude preferentemente a través da Sede Electrónica da Deputación Provincial de Lugo, seguindo as pautas que se sinalan a continuación, ou ben a través do Rexistro Presencial:

- a) Entrar na web corporativa da Deputación de Lugo - sede electrónica - empregado deputación - fondo social: axudas vivenda habitual - alta de solicitude.
- b) Acceder mediante certificado dixital.
- c) Cumprimentar a solicitude/formulario electrónico.
- d) Incorporar necesariamente a documentación acreditativa á que se fai referencia na base cuarta.
- e) Asinar e rexistrar a solicitude.

Cuarta.- Documentación que deberán presentar obrigatoriamente dentro do prazo de presentación de instancias, para a concesión das axudas para adquisición ou rehabilitación de vivenda habitual.

A solicitude, a efectos de verificar o dereito da persoa solicitante a percibir esta axuda, estará acompañada obrigatoriamente da seguinte documentación:

- a) Certificado expedido pola entidade financeira que outorgou o préstamo no que consten os xuros aboados durante o ano 2023. No devandito certificado farase constar obrigatoriamente:
 - Identificación do titular do préstamo e da vivenda para a que se concedeu, incluíndo o enderezo desta.
 - Tipo ou tipos de xuros aplicado/s durante o exercicio de 2023, con especificación do período en que se aplicou cada un.
 - Importe dos xuros aboados no período comprendido entre o 1.01.2023 e o 31.12.2023.
 - Importe do capital pendente de amortización a 01.01.2023 (ou na data en que se formalice o crédito) e a 31.12.2023.

Facilitarase no Rexistro Xeral e a través da Sede Electrónica da Deputación de Lugo, un modelo que reúna os datos anteriores e serán rexeitados os certificados que non reúnan todos os datos sinalados.

- b) Fotocopia da declaración da renda correspondente ao exercicio de 2023, na parte en que consta "Rendas inmobles á disposición dos seus titulares, arrendados, cedidos a terceiros ou afectos a AAEE", onde se indica expresamente os datos correspondentes a vivenda habitual.
- c) No caso de que non se fixera declaración da renda, esta documentación será substituída por aquela outra que permita verificar fehacientemente que o préstamo polo que se aboan xuros para os que se solicita a axuda é para o financiamento da vivenda habitual.
- d) Cando se observe que algún requisito dos esixidos nas presentes bases non está suficientemente acreditado, poderáselle pedir ao solicitante que entregue, a maiores do sinalado nos apartados "a", "b" e "c" anteriores, xustificación que se estime suficiente, expresando na notificación o motivo da petición e outorgándolle un prazo non inferior a cinco días hábiles.

Quinta.- Constitúen motivos para negar a axuda:

- a) Presentar a solicitude fóra do prazo establecido nestas bases.
- b) Non presentar os documentos sinalados na base cuarta.
- c) Que a vivenda non se destine a residencia habitual e permanente.
- d) O incumprimento de calquera outro requisito establecido nas presentes bases.

No caso de que se aprecie no solicitante intención fraudulenta, ou este cometera calquera tipo de acción tendente a confundir, ocultar ou aparentar circunstancias, o xurado propoñerá a Xunta de Goberno que esixa o reintegro das cantidades percibidas desde a comisión do acto fraudulento, quedando inhabilitado durante cinco anos para percibir calquera outra axuda das reguladas nestas bases e outros regulamentos da Deputación, sen prexuízo das responsabilidades que, por outra vía, se poidan esixir.

Sexta.- No suposto de resultar insuficiente a cantidade presupostada no Fondo Social para atender todas as solicitudes, as axudas adxudicaranse en función do nivel de renda familiar do solicitante, tendo preferencia os solicitantes con nivel de renda familiar máis baixo. Enténdese por renda familiar para estes efectos o cociente que resulta de dividir os ingresos familiares polo número de membros da unidade familiar.

Sétima.- Para a determinación da contía das axudas constituirase unha Comisión de Valoración que, trala comprobación das solicitudes e documentación presentada, formularán proposta de adxudicación de axudas na contía correspondente.

a) A Comisión de Valoración do concurso estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: A Deputada Delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo ou membro da Corporación que o substitúa.

Vocais:

- A Deputada Delegada da Área de Economía, Recadación e Facenda ou membro da Corporación que a substitúa.

- A Xefa do Servizo de Recursos Humanos ou funcionario que o substitúa.

- O Presidente da Xunta de Persoal ou membro da mesma que o substitúa

- A Presidenta do Comité de Empresa ou membro da mesma que o substitúa

Secretario/a: O Secretaria da Corporación, con voz e voto, podendo ser substituído por funcionario con Habilitación Nacional que preste servizos nesta Entidade ou por funcionario da escala Técnica.

b) Incorporación de asesores e persoal de colaboración.

A Comisión de Valoración do concurso poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores naqueles casos nos que se demande oír a opinión de técnicos especialistas, así como dos colaboradores en tarefas de asistencia e colaboración.

c) Pagamento de asistencias ao xurado.

Os membros da Comisión de Valoración, así como os asesores ou persoal de colaboración que se incorporen, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida no RD 462/2002 de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta vixentes na data do feito causante, na categoría primeira.

Oitava.- A proposta de adxudicación das axudas, que non poderá exceder do crédito dispoñible para este fin, será remitida á Xunta de Goberno que resolverá definitivamente.

Pazo provincial de Lugo,

Lugo, 18 de outubro de 2024.- O secretario, José Antonio Mourelle Cillero.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS	
Responsable	DEPUTACIÓN DE LUGO
Finalidade	Tramitación de bolsas de estudos, vivenda e gardería.
Lexitimación	Cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao responsable do tratamento.
Destinatarios	Non previstos.
Dereitos	Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade dos datos.
Procedencia	O propio interesado ou o seu representante legal.

Para información adicional relativa á protección dos seus datos, por favor, consulte o enlace web seguinte:

https://deputacionlugo.gal/gl/rexistro_actividades_tratamento/xestion_servizo_rrhh

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑARÁ A SOLICITUDE

1. CERTIFICADO DOS XUROS ABOADOS DURANTE O ANO 2023, EXPEDIDO POLA ENTIDADE BANCARIA CORRESPONDENTE, SEGUNDO MODELO ADXUNTO. REXEITARANSE OS CERTIFICADOS NOS QUE NON CONSTEN OS DATOS NA SÚA TOTALIDADE.
2. FOTOCOPIA DA DECLARACIÓN DA RENDA CORRESPONDENTE Ó ANO 2023, NA PARTE EN QUE CONSTA "RENDAS INMOBLES Á DISPOSICIÓN DOS SEUS TITULARES, ARRENDADOS, CEDIDOS A TERCEIROS OU AFECTOS A AAE", ONDE SE INDICA EXPRESAMENTE OS DATOS CORRESPONDENTES A VIVENDA HABITUAL.
3. NO CASO DE QUE NON SE FIXERA DECLARACIÓN DA RENDA, ESTA DOCUMENTACIÓN SERÁ SUBSTITUÍDA POR CALQUERA OUTRA QUE PERMITA VERIFICAR FEHACIENTEMENTE QUE O PRÉSTAMO POLO QUE SE ABOAN XUROS PARA OS QUE SE SOLICITA A AXUDA É PARA O FINANCIAMENTO DA VIVENDA HABITUAL.

MODELO DE CERTIFICACIÓN BANCARIA

D./D^a. _____ con N.I.F. _____ en calidade de
_____ da Entidade _____ con domicilio en
_____.

CERTIFICO: Que D/D^a. _____, con N.I.F. _____
é titular dun préstamo hipotecario/persoal (táchese o que non proceda) nº _____,
formalizado en data _____ para a adquisición dunha vivenda sita en _____
_____.

Que o tipo de xuro aplicado durante o ano 2023 foi:

- _____ % durante o período _____ ata _____

- _____ % durante o período _____ ata _____

Que o importe dos xuros aboados no período comprendido entre 1/01/2023 e 31/12/2023 ascende á
cantidade de _____ euros.

O importe do capital pendente de amortización a 1/01/2023 (ou data na que se formalizou o crédito)
ascendía á cantidade de _____ euros e a 31/12/2023 a _____ euros.

Para que conste e a petición de interesado, expido a presente certificación en Lugo _____, de _____
de 2024.

R. 3137

CONCELLOS**BURELA***Anuncio*

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co previsto nos artigos 58.1 da Lei 20/2011, de 21 de xullo, de Rexistro Civil e 51 do Código Civil, publícase que pola Alcaldía do Concello de Burela en data 05 de setembro de 2024 adoptou Decreto que di:

PRIMEIRO.- Delegar no Primeiro Tenente de Alcaldesa de esta Corporación Mario Pillado Mon a competencia para a autorización do matrimonio civil entre Alfonso Mera Río e Rocio Chao López, que se celebrará o día 12 de outubro do dous mil vinte e catro, ás 13:30 horas, no Salón de Plenos do Concello de Burela.

SEGUNDO: Dar traslado da presente Resolución ao Pleno Corporativo na primeira sesión ordinaria que celebre.

Burela, 14 de outubro de 2024.- A Alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 3095

*Anuncio***Expediente n.º 1804/2024****APROBACIÓN DEFINITIVA**

O presente anuncio publícase en substitución do publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 240 de data xoves, 17 de outubro de 2024.

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non se presentaren alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario de data 27 de agosto de 2024, sobre o expediente de modificación de créditos n.º 17/2024 do orzamento en vigor na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais por importe de 529.048,59 euros, que se fai público resumido por capítulos tras as modificacións operadas:

CAPÍTULO	DESCRICIÓN	CRÉDITOS INICIAIS	MODIFICACIÓNS	CRÉDITOS DEFINITIVOS
1	GASTOS DE PERSOAL	3.176.597,78	287.609,67	3.464.207,45
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	4.014.627,86	893.137,54	4.907.765,40
3	GASTOS FINANCEIROS	10.900,00	0,00	10.900,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	784.150,00	106.878,79	891.028,79
5	FONDO DE CONTINXENCIA OUTROS IMPREVISTOS	200.000,00	0,00	200.000,00
6	INVESTIMENTOS REAIS	146.316,00	3.829.970,34	3.976.286,34
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	120.000,00	120.000,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	18.000,00	0,00	18.000,00
	TOTAL	8.350.591,64	5.237.596,34	13.588.187,98

CAPÍTULO	DESCRIPCIÓN	PREVISIÓNS INICIAIS	MODIFICACIÓNS	PREVISIÓNS DEFINITIVAS
1	IMPOSTOS DIRECTOS	2.691.259,71	0,00	2.691.259,71
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	25.000,00	0,00	25.000,00
3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	1.825.356,00	41.072,36	1.866.428,36
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	3.790.875,93	958.745,35	4.749.621,28
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	60,00	0,00	60,00
6	ENAXENACIÓN DE INVERSIÓNS REAIS	10,00	0,00	10,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	30,00	811.007,19	811.037,19
8	ACTIVOS FINANCEIROS	18.000	3.426.771,44	3.444.771,44
	TOTAL	8.350.591,64	5.237.596,34	13.588.187,98

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, as persoas interesadas poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora de dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, a teor do establecido no artigo 171.3 do Texto Refundido a interposición de dito recurso non suspenderá a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

Burela, 17 de outubro de 2024.- A ALCALDESA, MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO

R. 3138

CASTROVERDE

Anuncio

APROBACIÓN PROVISIONAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA CESIÓN E UTILIZACIÓN CON FINS PRIVADOS DE LOCAIS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE CASTROVERDE.

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de setembro de 2024, acordou a aprobación provisional da imposición e da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola cesión e utilización con fins privados de locais municipais do Concello de Castroverde

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de TRINTA (30) DÍAS HÁBILES a contar dende o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera persoa interesada nas dependencias municipais e na sede electrónica (<https://concellocastroverde.sedelectronica.es/info.0>) para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

De non presentarse reclamacións ou suxerencias no mencionado prazo, considerárase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Castroverde, 11 de outubro de 2024.- Alcalde-presidente, D. Xosé María Arias Fernández.

R. 3096

*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS CESIÓNS E USO DOS LOCAIS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE CASTROVERDE.**

Aprobada inicialmente a Ordenanza municipal reguladora das cesións e uso dos locais municipais do Concello de Castroverde, por acordo do Pleno de data 26 de setembro de 2024, de conformidade cos artigos 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Texto Refundido de Réxime Local, sométese a información pública polo prazo de **TRINTA (30) DÍAS HÁBILES**, a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera persoa interesada nas dependencias municipais e na sede electrónica (<https://concellocastroverde.sedelectronica.es/info.0>) para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

De non presentarse reclamacións ou suxerencias no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Castroverde, 11 de outubro de 2024.- Alcalde-presidente, D. Xosé María Arias Fernández.

R. 3097

CHANTADA*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 23/09/2024 aprobase o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento da Taxa polo servizo de Auga ,sumidoiros , lixo e canón de auga correspondentes ao 4º bimestre do exercicio 2024.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 23 de setembro de 2024.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 3098

O CORGO*Anuncio*

Fanse públicas as bases que de seguido se transcriben, aprobadas por Resolución da Alcaldía do día 15 de outubro de 2024:

BASES PARA CUBRIR, MEDIANTE CONCURSO OPOSICIÓN, UNHA PRAZA DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR DE PERSONAL LABORAL FIXO DESTE CONCELLO.**PRIMEIRA.- NORMAS XERAIS**

1.1 Obxecto: Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección de persoal laboral fixo para cubrir unha praza de auxiliar de axuda no fogar vacante, e ocupar o respectivo posto na relación de postos de traballo desta Corporación, incluída na oferta de emprego público, aprobada por Resolución da alcaldía do 9 de agosto de 2024.

Así mesmo, o presente procedemento selectivo servirá de bolsa para futuras contratacións de persoal laboral temporal para auxiliar de axuda no fogar, unha vez que remate a vixencia da anterior bolsa de emprego, e de duración máxima ata o 31 de decembro de 2025, nos termos establecidos na base novena.

1.2. Normas de aplicación: As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas polo establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 13 de xuño; no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP); na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da

Administración Local de Galicia; na Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (LEPG); na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do Traballo en Igualdade das Mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, e no no previsto nel, no Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

1.3. O sistema de selección dos aspirantes será o de concurso oposición libre.

1.4. A presente convocatoria e bases publicarase íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios da casa do concello e da sede electrónica do Concello do Corgo: [concello.docorgo.sedelectronica.gal](http://concellodocorgo.sedelectronica.gal), xunto cun extracto no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia. O resto das publicacións a que faga referencia a lexislación vixente tamén se publicarán nos citados medios.

SEGUNDA.-CARACTERÍSTICAS DA PRAZA, FUNCIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

2.1.- A praza de auxiliar de axuda a domicilio está clasificada como persoal laboral fixo.

2.2.- COMETIDO FUNCIONAL.

O cometido funcional desta praza e a súa extensión consistirá na realización das funcións co contido descrito no Art. 14 do Decreto autonómico galego 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais e a súa financiación.

O/a candidato/a que supere o concurso oposición formalizará contrato laboral indefinido a xornada completa e ocupará o posto de traballo nº 13 que figura na relación de postos de traballo de persoal desta corporación dentro dos Servizos Comunitarios Básicos.

2.3.- INCOMPATIBILIDADES

O aspirante que obteña a praza á que se refire esta convocatoria estará sometido ao réxime de incompatibilidades que determinan as disposicións vixentes (Lei 53/84, de 26 de decembro e concordantes).

TERCEIRA.- CONDICIÓN OU REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para participar nas probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do EBEP e Art 50 e 52 da LEPG, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.

a.3) As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros de la Unión Europea, sempre que no estean separadas de dereito.

a.4) As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinteun anos ou maiores de dita idade dependentes.

a.5) As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinteun anos ou maiores de dita idade dependentes.

a.6) As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

c) Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, no estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos términos anteriores.

e) **Titulación:** estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real Decreto 496/03, de 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, na data en que remate o prazo de presentación de instancias.

Considerase como equivalente o título de técnico en cuidados auxiliares de enfermmería ou o título de técnico en atención a persoas en situación de dependencia.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro se deberá de estar en posesión do documento que acredite de xeito fidedigno a súa homologación.

f) Estar en posesión do permiso de conducir da categoría B e dispoñer de medios propios para desprazarse aos domicilios dos usuarios.

g) Posuir as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desenvolvemento das correspondientes funcións o tarefas.

CUARTA.- SOLICITUDES

4.1. A solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ó modelo que figura como Anexo II ás presentes Bases, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello, dirixirse ao Sr. Alcalde do Concello de O Corgo.

Presentarase, debidamente cuberta, no Rexistro Xeral do Concello ou a través da sede electrónica do concello, no prazo **de vinte (20) días naturais** contados a partir do seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE). Tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da LPAC. No obstante, recórdase que este Concello e outras moitas Administracións non están integradas no Sistema de Integración de Rexistros (SIR).

4.2 Ás solicitudes achegaranse necesariamente os documentos que a continuación se indican e de acordo coa seguinte orde:

a) Declaración na que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base 3ª, referidos sempre ao día en que remate o prazo de presentación de instancias.

b) Documentación fidedigna que acredite o coñecemento da lingua galega nivel CELGA 2 ou equivalente.

c) A documentación acreditativa dos méritos alegados para valorar na fase de concurso. Deberá acompañarse dunha folla na que conste (preferiblemente en letra verdana ou calibre, tamaño 12): o nome do curso, o centro que o impartiu, o número de horas que ten, as materias que abreangueu, e a súa relación co traballo de Auxiliar de axuda no fogar (aos efectos de evitar unha documentación innecesaria se indica que non puntuarán as xornadas). Incorpórase como Anexo III o modelo de relación de méritos alegados.

Non se valorarán: Os cursos que non veñan relacionados no folla referida ou aqueles que vindo relacionados nesta, non se acompañen do certificado ou título de ter realizado o curso.

d) A vida laboral xunto coa copia do contrato de traballo ou nomeamento como funcionario interino. Deberá acompañarse necesariamente dunha folla na que conste (preferiblemente nas letras e tamaño citado): a data dos contratos ou nomeamentos como funcionario interino de Auxiliar de axuda no fogar, así como su duración en días, entidade contratante, e no seu caso, centro de traballo. Incorpórase como Anexo IV o modelo de relación de experiencia laboral como auxiliar de axuda no fogar.

Non se valorarán: os contratos que non veñan relacionados no folla referida ou aqueles que vindo relacionados nesta, non se acompañen da vida laboral xunto coa copia do contrato.

Os aspirantes cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33% poderán solicitar as posibles adaptacións de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios en que esta adaptación sexa necesaria. Neste caso, **deberán indicalo expresamente na solicitude**, especificando claramente o tanto por cento de discapacidade recoñecido polo órgano competente, acompañándoa da correspondente certificación acreditativa do grao e tipo de minusvalidez.

Sempre que así se xustificase para o mellor desenvolvemento das probas selectivas, o tribunal decidirá motivadamente se estas persoas concurrirán en quenda separada dos demais aspirantes

QUINTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de 10 días naturais, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos e excluídos. Esta resolución publicarase no Boletín Oficial de Provincia, no taboleiro de edictos da casa do Concello e da sede electrónica, sinalándose un prazo de dez (10) días, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no BOP, conforme ao disposto no art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das

Administracións Públicas (en sucesivas citas LPAC), para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Na publicación indícarase o nome e apelido, e DNI dos aspirantes, con indicación dos que non precisan a realización do exercicio de galego.

Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos e excluídos.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, o Alcalde ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo de un mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co establecido na LPAC, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no Art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

Na resolución pola que se publicarán as listas definitivas, se indícarán os candidatos que estean eximidos da obriga de realizar o exercicio de coñecemento do galego.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente legislación. Os candidatos autorizan o tratamento deste datos para a finalidade indicada.

SEXTA. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, empregados públicos, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos cales actuará coma presidente e outro coma secretario do tribunal.

O Alcalde nomeará por decreto os membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, que será publicado no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos do concello, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Consonte ao establecido no devandito Art. o Tribunal terá a seguinte composición:

Presidente: un empregado público pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Secretario: o da Corporación.

Vogais: tres empregados públicos pertencentes a grupo de clasificación ou categoría profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Na designación dos membros do tribunal garantirase a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenza de un entrámbolos dous sexos, ó ser a súa composición impar.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 da citada lei.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa sinatura do secretario e co Vº Pº do Presidente.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas.

Aos efectos da percepción das asistencias ao tribunal se clasifica a este órgano como de categoría segunda das contempladas no Art. 30 do citado Real decreto 462/2002, de 24 de maio.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

O tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que o exercicio da fase de oposición, agás naqueles casos nos que estea prevista a lectura pública, sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade dos aspirantes, utilizando para iso os impresos adecuados, excluindo aqueles candidatos en cuíos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a identidade do opositor.

SÉTIMA. DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS

O primeiro exercicio realizarase **no prazo máximo de 60 días naturais** desde a constitución do tribunal que xulgue as probas, anunciándose con tres días naturais de antelación, como mínimo, ao comezo do primeiro exercicio, na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios do concello e da sede electrónica, o día, hora e lugar onde se celebrará a proba.

Os anuncios sucesivos publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e no lugar onde se realizou o exercicio e tamén na citada páxina web.

Dende a total conclusión dun exercicio ata o comezo do seguinte deberá de transcorrer un prazo mínimo de vinte e catro horas e máximo de corenta días naturais.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos de DNI ou documento oficial e fidedigno (pasaporte, carnet de conducir...), acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en único chamamento, sendo excluídos da oposición os que non comparecesen, agás nos casos debidamente xustificadas e libremente valorados polo tribunal. As xustificacións ou probas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ao que non compareceran.

Os opositores poderán desenvolver os exercicios de que conste o procedemento selectivo tanto en lingua galega como en lingua castelá, a súa libre elección.

O tribunal adoptará as medidas necesarias para que aqueles aspirantes que teñan alguna discapacidade que dificulten o desenvolvemento das probas gocen de similares condicións para a realización dos exercicios ás dos restantes participantes. Para isto cómpre que os aspirantes indiquen na solicitude de participación no proceso selectivo o tipo e grao de discapacidade e, polo tanto, con carácter previo as adaptacións que estime necesarias o tribunal de selección.

Cada opositor poderá obter copia de cada un dos exercicios realizados ao seu remate.

OITAVA. SISTEMA DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN DOS EXERCICIOS.

O sistema de selección dos aspirantes será de concurso oposición.

a) Fase de oposición

A oposición constará dos seguintes exercicios:

PRIMEIRO EXERCICIO: De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en desenvolver por escrito durante sesenta minutos (60 minutos) un tema, relacionado coa práctica profesional, elixido ao chou de entre os temas 11, 13, e 16 da parte II; e os temas 17 a 20, 26 e 28 da parte III e 34 da parte IV, destas bases.

O tribunal tamén poderá decidir que se expoña un apartado concreto do tema estraído ao chou de entre os citados e concederáse aos candidatos/as un tempo de 5 minutos para elaborar un esquema do tema.

Os opositores deberán ler ante o tribunal, en sesión pública, o exercicio realizado.

A tal efecto o tribunal sinalará, por medio de anuncio no taboleiro de edictos do concello e da sede electrónica, o día, hora e lugar en que comezará a lectura dos exames realizados. O chamamento comezará polos aspirantes cúa primeira letra do seu primeiro apelido comece **pola letra A.**

O tribunal disporá dos medios necesarios para cotexar que a lectura que realiza a persoa aspirante se corresponde co exercicio escrito que realizou.

Este exercicio cualificarase de **0 a 10 puntos**, sendo preciso para superalo obter a nota mínima de 5 puntos.

Corresponderá ó tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para acadar a puntuación mínima para superar esta proba.

Valoraranse os coñecementos teórico-científicos e a comprensión da materia, a capacidade, a claridade expositiva e de ideas, precisión e rigor na exposición e a calidade ortográfica e da expresión escrita.

A tal efecto, no acto de lectura os membros do Tribunal poderán formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada de xeito que lle permita aplicar axeitadamente os criterios de cualificación indicados no parágrafo anterior. Os citados criterios aplicaranse segundo se indica no Anexo IV.

A cualificación resultará da suma das puntuacións outorgadas polos distintos membros do tribunal e dividindo o total polo número de asistentes daquel, sendo o cociente a cualificación definitiva deste exercicio. Realizada a cualificación o Tribunal reflexará na acta a puntuación final resultante conforme aos criterios establecidos no Anexo IV que se incorporará á acta da sesión.

As cualificacións deste exercicio publicaranse, en todo caso, no taboleiro de anuncios do concello e da sede electrónica e na páxina web municipal.

SEGUNDO EXERCICIO: De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización, durante un período máximo de 60 minutos, dun suposto práctico proposto polo Tribunal en relación co temario da convocatoria.

Para a execución deste exercicio, o persoal opositor non poderá utilizar ningún recurso de apoio, agás un bolígrafo azul e aquel que facilite o tribunal, nin tampouco material de consulta.

Posteriormente, e incluso o mesmo día da redacción da proba, as persoas aspirantes serán convocadas polo tribunal para a lectura e defensa do suposto, na data que determine este.

A orde de actuación do persoal aspirante iniciárase alfabeticamente por quen teña como inicial do primeiro apelido a letra A. No caso de que non haxa persoal aspirante cuxo apelido empece pola letra indicada, iniciará a orde de actuación coa letra ou letras seguintes.

Ao acto de lectura público poderán asistir as demais persoas participantes neste proceso selectivo.

Este exercicio valorarase de **0 a 10 puntos**, sendo necesario obter unha puntuación mínima de 5 puntos para non quedar eliminado do proceso de selección. Corresponderá ao Tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para acadar a puntuación mínima para superar esta proba.

A cualificación desta proba práctica resultará da suma das puntuacións outorgadas polos distintos membros do tribunal e dividindo o total polo número de asistentes daquel, sendo o cociente a cualificación definitiva deste exercicio. As cualificacións finais deste exercicio publicaranse, en todo caso, no taboleiro de anuncios do concello e da sede electrónica e na páxina web municipal. Realizada a cualificación o Tribunal reflexará na acta a puntuación final resultante conforme aos criterios establecidos no Anexo IV que se incorporará á acta da sesión.

TERCEIRO EXERCICIO: obrigatorio e eliminatorio para aquelas persoas que non poidan acreditar o coñecemento de galego no nivel CELGA 2 ou equivalente (curso de iniciación de galego, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega, publicada no DOG nº 146, de 30 de xullo de 2007).

Consistirá en dúas probas:

primeira proba: consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

segunda proba: consistirá na tradución dun texto do galego para o castelán elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

O tempo máximo para a realización das dúas probas, en que consiste este exercicio, será dunha hora e media.

Neste exercicio valorarase a correcta expresión gramatical e ortográfica, que acredite a competencia dos opositores nas dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a execución deste exercicio, o opositor non poderá utilizar dicionarios, nin libros de gramática.

Cada unha das probas de que consta este terceiro exercicio puntuarase ata un máximo de 10 puntos. Para obter a cualificación de apto será necesario acadar unha puntuación media de 5 puntos.

Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel mínimo de coñecemento esixido para acadar o resultado de apto en cada unha das probas.

O resultado final da oposición virá determinado pola suma das puntuacións obtidas nos dous primeiros exercicios.

b) Fase de concurso

Rematada a fase de oposición, o Tribunal procederá a valorar os méritos acreditados polo candidatos que superaron a fase de oposición. En ningún caso o Tribunal valorará as xornadas, nin os méritos que non teñan que ver co posto de traballo que se convoca.

Os méritos a valorar son os seguintes:

- Experiencia en postos de traballo de Auxiliar de Axuda no Fogar, ata un máximo de 9 puntos, do seguinte xeito:

a) Posto de traballo de Auxiliar de Axuda no Fogar desempeñado en calquera administración local ou noutras administracións con competencia neste servizo ou en empresas privadas a razón de 0,10 puntos por mes completo traballado.

Entenderase por mes completo traballado 30 días naturais. Se os candidatos acreditasen días naturais soltos de traballo, como consecuencia de diversos contratos ou servizos prestados, estes sumarase ata acadar 30 días naturais (1 mes completo). Se sobrasen días cuxa suma non chegue a 30 días naturais, desprezarase na puntuación.

Se os contratos fose a tempo parcial computarán proporcionalmente ao número de horas desenvolvidas.

Só computarán os méritos acreditados na data de finalización de presentación de solicitudes.

- Pola realización de cursos de formación relacionados co posto de traballo de Auxiliar de axuda no fogar, ata un máximo de 4 puntos:

De menos de 10 horas: 0,10 puntos/ curso.

De 11 a 50 horas lectivas: 0,50 puntos/ curso. De 51 a 100 horas lectivas: 1,00 puntos/curso de máis 100 horas lectivas: 1,50 puntos/curso

Non computarán os cursos que se realizasen para obter o certificado de profesionalidade.

- Forma de acreditar os méritos e cursos non computables.

- A documentación acreditativa dos cursos: só se valorarán os certificados ou diplomas compulsados sempre que veñan acompañados dunha relación -preferiblemente en letra verdana ou calibri, tamaño 12- no que conste: o nome do curso, o centro que o impartiu, o número de horas que ten e a materia global que abrangueu. (Anexo III).

Aos efectos de evitar unha documentación innecesaria se indica que non puntuarán:

- As xornadas,

- Os cursos que non teñan relación directa coas función propias dos auxiliares de axuda no fogar,

- Os cursos que teñan idénticos contidos, aínda que se desenvolveran en datas distintas. Neste suposto só puntuará un deles, que será o de data máis recente.

- Os cursos que non figuren na relación que debe acompañar a solicitude.

- Os cursos que figurando na relación non conste certificado ou diploma.

- Os cursos cuxos certificados ou diplomas non veñan compulsados.

- A acreditación da experiencia laboral en xeral: só se valorará si se acompaña do informe da vida laboral achegando a copia do contrato de traballo ou nomeamento como funcionario interino ou certificado expedido pola empresa ou Administración na que se indique o posto de traballo desenvolvido como auxiliar de axuda no fogar, a duración do contrato e se foi a tempo completo ou parcial.

Deberá acompañarse necesariamente dunha relación (preferiblemente en letra verdana ou calibri, tamaño 12) na que conste: a data do contrato ou nomeamento como funcionario interino para o traballo de auxiliar de axuda no fogar, así como su duración en días e entidade contratante (Anexo IV).

- A acreditación da experiencia laboral en entidades privadas: só se valorará se ademais de aportar a documentación a que se refire o parágrafo precedente, a entidade privada para a que prestou ou presta servizos está ou estivo autorizada e acreditada polo órgano competente da Administración -no periodo ao que se refire o contrato laboral."

NOVENA. RELACIÓN DE APROBADOS.

O resultado final do concurso oposición virá determinado pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición máis a obtida na fase de concurso, o que dará a puntuación total obtida no procedemento selectivo.

No suposto de empate na puntuación total de dous ou máis aspirantes, resolverase a favor do aspirante que obtivese a puntuación máis alta no primeiro exercicio da oposición e, se iso non fora suficiente, pola obtida no segundo exercicio, e se aínda persistise, polo candidato que obtivese maior puntuación na fase do

concurso, e se isto non fose posible, desempatarase co candidato que teña máis servizos prestados neste concello .

Finalizadas as probas selectivas, o tribunal fará pública a relación definitiva das puntuacións finais obtidas polos aspirantes que superaron a fase de oposición, pola orde da puntuación obtida, e só propoñerá para a contratación como personal laboral indefinido ao candidato/a aprobado/a con maior puntuación. Esta relación xunto coa acta da sesión elevarase ao señor Alcalde.

A publicación se realizará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

O tribunal non poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao das prazas que se convocan con dotación orzamentaria.

Non obstante o anterior, e co fin de asegurar a cobertura temporal de auxiliares de axuda a domicilio, cando se produza renuncia dos aspirantes seleccionados, ou no suposto de que non presentasen a documentación esixida na base décima antes da súa contratación ou non o fixeran no prazo establecido, o órgano convocante poderá contratar indefinidamente ao seguinte aspirante que lle siga en puntuación ao proposto polo tribunal.

A devandita relación complementaria tamén servirá para constituír unha bolsa cos aspirantes que obtiveran a maior puntuación, para futuros contratacións laborais na mesma categoría profesional de auxiliar de axuda a domicilio, nos supostos establecidos no Art. 23 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

DÉCIMA. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

O/a aspirante proposto/a, achegará no prazo de vinte (20) días naturais, contados a partir da publicación da lista de aprobados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Rexistro Xeral do Concello, os documentos seguintes:

1) Fotocopia (que deberá presentarse xunto co original para a súa compulsa) do DNI ou pasaporte.

Ademais, os aspirantes estranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ó cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación á libre circulación de traballadores.

2) Certificado médico acreditativo de posuir a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

3) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.

4.- Título esixible na base terceira: estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real Decreto 496/2003, de 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, na data en que remate o prazo de presentación de instancias (considerase como equivalente o título de técnico en cuidados auxiliares de enfermería ou o título de técnico en atención a persoas en situación de dependencia).

5.-Carnet de conducir categoría B, e declaración xurada de que posúe vehículo ou pode desprazarse por outros medios propios.

6.-Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente a data anterior a formalización do contrato laboral.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos caso de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, o seleccionado non poderá ser contratado e quedarán anuladas as actuacións con respecto a este candidato, procedéndose a contratar ao que lle siga na lista por orde de puntuación nas cualificacións, sempre que superara a totalidade dos exercicios, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrera aquel por falsidade na solicitude de participación.

UNDÉCIMA. NOMEAMENTO E ADQUISICIÓN DA CONDICIÓ DE PERSOAL LABORAL INDEFINIDO.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o Sr. Alcalde dictará resolución acordando a formalización do contrato laboral indefinido, a favor do/a candidato/a proposto/a, no prazo máximo dun mes, e se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O contrato formalizarase no prazo máximo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación.

O decreto acordando a formalización de contrato laboral indefinido será susceptible de recurso de reposición perante o Sr. Alcalde no prazo de un mes a partir do día seguinte ao da publicación, ou ben de recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses a partir do día da publicación do nomeamento.

Antes de formalizarse o contrato deberá prestar xuramento ou promesa de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade conforme ao disposto pola Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

DUODÉCIMA. IMPUGNACIÓN.

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados lexitimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recuso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto recurrido en prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP. Se transcorrera un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpor recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.
- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, e na Lei 29/98, de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa

ANEXO I - TEMARIO

I) Servizo de axuda a domicilio

Tema 1. –A lei de dependencia: o dereito e os principios xerais da lei.

Tema 2. –O sistema de autonomía e atención á dependencia. Valoración e recoñecemento da dependencia.

Tema 3. –Prestacións do servizo de axuda no fogar. Financiamento e retornos económicos.

Tema 4. –O servizo de axuda no fogar na lei de dependencia. Outras alternativas sociais favorecedoras da autonomía: os centros de día; os pisos tutelados e a teleasistencia.

Tema 5. –O servizo de axuda no fogar: obxectivos do SAF. Organización do SAF.

Tema 6. –Valoración do SAF: a entrevista. Valoración da dependencia física; valoración do estado cognitivo; valoración do apoio social; valoración do medio físico.

Tema 7. –O auxiliar da axuda no fogar: concepto, marco legal.

Tema 8. –O perfil dos auxiliares de axuda no fogar: condicións xerais da actuación do auxiliar da axuda a domicilio. Dereitos e deberes dos usuarios.

Tema 9. –Cualidades do auxiliar de axuda no fogar. Aptitudes do auxiliar da axuda a domicilio.

Tema 10. –Funcións do auxiliar de axuda a domicilio: educación, formación, prevención, reacción ante as situacións de urxencia. Traballo en equipo.

II) Actuacións de carácter doméstico

Tema 11. –Coidados da vivenda: limpeza diaria; limpeza semanal; limpeza temporal; reparto do material de limpeza.

Tema 12. –Utensilios de limpeza. Os produtos químicos de limpeza. Interpretación da etiquetaxe. A roupa sucia.

Tema 13. –Condicións de hixiene: a humidade; a calefacción; a aireación; a desinfección; a desinsectación; a desratización; a iluminación e o aillamento.

Tema 14. –A vivenda. Economía doméstica: prezos de mercado e técnicas de compra. Manexo de electrodomésticos e útiles de cociña. Organización da despensa.

Tema 15. –Adaptación da vivenda: axudas para o coidado persoal. Axudas para a mobilidade e transporte. Axudas para a alimentación e coidado no fogar.

Tema 16. –Prevención de accidentes na vivenda: prevención de caídas e organización de espazos, iluminación, cuartos de baño e cociña. Aparatos eléctricos.

III) Actuacións de carácter persoal

Tema 17. –Hábitos hixiénicos nas persoas maiores: a limpeza corporal e o vestido.

Tema 18. –A cama: tipos de cama e accesorios. Xeitos de facer unha cama.

Tema 19. –Actuación ante as úlceras por presión: concepto. Factores. Persoas con risco de padecer úlceras por presión. Localización das úlceras por presión, prevención das úlceras por presión. Tratamento das úlceras por presión.

Tema 20. –Actuación ante o usuario incontinente: 1) concepto e definición de incontinencia urinaria; 2) a sondaxe vesical e os seus coidados; 3) dispositivos para a incontinencia urinaria.

IV) Actuacións de carácter xeral

Tema 21. –Situacións de urxencia: condicións xerais. Signos vitais. Valoración primaria e secundaria.

Tema 22. –Parada cardiorespiratoria. Reanimación cardiopulmonar.

Tema 23. –Traumatismos: feridas, contusións, fracturas.

Tema 24. –Hemorraxias. Queimaduras.

Tema 25. –Corpos estranos. Alteración da consciencia. Intoxicacións.

Tema 26. –Mobilidade e confort. Principios da mecánica corporal para a correcta manipulación de persoas inmovilizadas. Posicións máis cómodas e fisiolóxicas na persoa encamada.

Tema 27. –Preparación para pasar a noite. A primeira vez que se levanta o encamado. Preparación técnica para comer na cama.

Tema 28. –Nutrición e dietética no ancián: substancias nutritivas: os hidratos de carbono; proteínas; lípidos das graxas; a auga; sales minerais; vitaminas.

Tema 29. –Manipulación de alimentos: hixiene alimentaria, intoxicacións alimentarias.

Tema 30.– Variacións nutricionais dos alimentos cociñados.

Tema 31.– Dietas especiais de uso máis frecuente: 1) dietas para enfermidades gastrointestinais; 2) para diabetes mellitus; 3) para hepáticos; 4) enfermidades renais; 5) na obesidade; 6) en enfermidades cardiovasculares; 7) nutrición e cancro.

Tema 32. –A nutrición do ancián. Interaccións médico-alimentarias: fármacos que afectan ao apetito; a sensibilidade do gusto; medicamentos que provocan alteracións do gusto e do olfato; medicamentos que provocan a mala absorción ou aumento da excreción de nutrientes; medicamentos cuxa absorción vese afectada pola inxesta de alimentos; medicamentos e nutrientes que interactúan producindo efectos xerais prexudiciais.

V) Psicopatoloxías máis frecuentes no ancián

Tema 33. –As enfermidades mentais: consideracións xerais: 1) a depresión; 2) a ansiedade; 3) a manía; 4) a conduta psicótica; 5) as demencias; 6) o ancián alcohólico; 7) o síndrome confusional; 8) o insomnio; a realidade patolóxica.

Tema 34. –O maltrato: 1) definición; 2) clasificación; 3) signos indicadores de malos tratos; 4) diagnose; 5) perfil do mal coidador; 6) respostas ao problema.

VI) Asistencia aos pacientes crónicos e terminais

Tema 35. –O enfermo terminal: 1) introducción; 2) marco biopsicosocial na asistencia do paciente crónico e terminal; 3) coidados ante o enfermo terminal.

ANEXO II - MODELO DE SOLICITUDE.

D/Dona co D.N.I. núm.
 e con enderezo a efecto de notificacións en
 teléfono, e dirección de correo electrónico
 enterado da convocatoria para cubrir unha praza de auxiliar de axuda a domicilio mediante concurso-
 oposición, publicada no BOP núm. de data,

DECLARA:

1º.-Que coñece o contido das bases reguladoras desta convocatoria.

2º.-Que na data de remate do prazo de presentación de solicitudes cumpre todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases.

3º.- Que se compromete, caso de ser seleccionado/a, a aportar a documentación esixida nas bases unha vez rematado o procedemento de selección.

4º.- Que queda enterrado/a da lexitimación do Concello do Corgo para o tratamento e publicación dos seus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión, no BOP de Lugo, e no seu caso, na páxina súa web, taboleiro de anuncios do concello e da sede electrónica, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

5º.- Que declara baixo xuramento ou promete, que non foi separado do servizo de calquera das Administracións Públicas nin se atopa inhabilitado ou en situación equivalente nin foi sancionado por infracción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Xunto coa presente solicitude, acompaño: (marcar o que proceda)

- Fotocopia compulsada da documentación acreditativa de estar en posesión do CELGA 2 ou equivalente (Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificado acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega, publicada no DOG nº 146, de 30 de xullo de 2007).
- Declaración de que non teño acreditado a posesión de CELGA ou equivalente (para os aspirantes que non posúan o CELGA 2 ou equivalente).
- A documentación acreditativa dos méritos alegados para valorar na fase de concurso acompañada unha folla (Anexo III), na que consta, o nome do curso, o centro que o impartiu, o número de horas que ten, a materia global que abrangueu, e a súa relación co traballo de Auxiliar de axuda no fogar.
- O informe de vida laboral achegando a copia do contrato de traballo ou nomeamento como funcionario interino, acompañado dunha folla na que consta (Anexo IV), a data do contrato ou nomeamento como funcionario interino para o traballo de Auxiliar de axuda no fogar, así como a súa duración en días, entidade contratante, no seu caso, centro de traballo da entidade contratante, se ten máis de un.

En vista do que SOLICITA:

Que se admita a presente solicitude, xunto coa documentación adxunta, para concorrer ao procedemento selectivo convocado.

En O Corgo, de de 2024

SR. ALCALDE DO CONCELLO DO CORGO

(Nota: No suposto de que o candidato que solicite participar no proceso selectivo teña algunha discapacidade, que por motivo da mesma precise ou necesite para a realización dos exercicios dalgunha medida especial –que non lle inhabiliten para o exercicio das funcións descritas na base 2.2, **deberá indicalo en documento aparte que chegará coa solicitude, debendo necesariamente aportar certificado do grao e tipo de discapacidade**, para que o tribunal poida adoptar as medidas necesarias, con carácter previo á realización das probas.)

ANEXO III - RELACIÓN DE MÉRITOS ALEGADOS.

(Deberá acompañarse necesariamente dos diplomas ou certificados dos cursos)

(A elaborar, preferiblemente en letra verdana ou calibrí, tamaño 12)

(Dimensionar tanto como sexa necesario)

NOME E APELIDOS DO CANDIDADO. _____

Nº	NOME DO CURSO	CENTRO QUE O IMPARTIU	Nº DE HORAS	MATERIAS QUE ABRANGUE	RELACIÓN CO POSTO DE AUX. AXUDA FOGAR.

ANEXO IV - EXPERIENCIA LABORAL COMO AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR

(Deberá acompañarse necesariamente da vida laboral e copia dos contratos)

(A elaborar, preferiblemente en letra verdana ou calibrí, tamaño 12)

(Dimensionar tanto como sexa necesario)

NOME E APELIDOS DO CANDIDADO. _____

Nº	ENTIDADE CONTRATANTE E CENTRO DE TRABAJO	DATA DE CELEBRACIÓN DO CONTRATO OU NOMEAMENTO	DURACIÓN DO CONTRATO EN DÍAS

ANEXO IV**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Os criterios de cualificación do **primeiro exercicio** aplicaranse da seguinte maneira:

- A) Demostración dos coñecementos teóricos sobre os diferentes contidos dos temas sorteados, segundo o temario que acompaña ás bases.
- B) Uso de terminoloxía correcta, con linguaxe científica propia da profesión.
- C) Desenvolvemento amplo e preciso das diferentes epígrafes nas que se estruturan os temas sorteados, segundo o temario que acompaña ás bases.
- D) Organización coherente de contidos, con claridade expositiva e de ideas. Redacción con corrección ortográfica e calidade da expresión escrita.

A cualificación de cada membro do tribunal será a suma das puntuacións que outorgue a cada un dos indicadores fixados, consonte aos seguintes intervalos:

A	B	C	D
0-5	0-2	0-1,5	0-1,5

Os criterios de cualificación do **segundo exercicio** aplicaranse da seguinte maneira:

- A) Análise do suposto proposto demostrando unha correcta aplicación dos coñecementos teóricos, normativos e metodolóxicos ao suposto práctico.
- B) Uso de terminoloxía técnica correcta, con linguaxe científica propia da profesión.
- C) Desenvolvemento amplo e equilibrado de todas as cuestións planteadas no suposto, ofrecendo solución acorde coa lexislación aplicable.
- D) Organización coherente de contidos, con claridade expositiva e de ideas. Redacción con corrección ortográfica e calidade da expresión escrita.

A cualificación de cada membro do tribunal será a suma das puntuacións que outorgue a cada un dos indicadores fixados, consonte aos seguintes intervalos:

A	B	C	D
0-3,5	0-2	0-3	0-1,5

O Corgo, 16 de outubro de 2024.- O ALCALDE, Felipe Labrada Reija.

R. 3130

FRIOL

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓNS DE PREZOS PÚBLICOS (VIVIERO DE EMPRESAS E SAF)

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 2 de setembro de 2024, prestou aprobación ao Padrón do Prezo Público do Viveiro de Empresas, correspondente ao mes de XULLO de 2024, por importe de (405,36 €) máis o IVE (85,13 €), o que fai un total: **490,49 €**.

Igualmente, a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 7 de outubro de 2024, prestou aprobación aos Padróns do Prezo Público que de seguido se indican:

- ◆ Viveiro de Empresas, correspondente ao mes de AGOSTO de 2024, por importe de (405,36 €) máis o IVE (85,13 €), o que fai un total: **490,49 €**.
- ◆ Viveiro de Empresas, correspondente ao mes de SETEMBRO de 2024, por importe de (405,36 €) máis o IVE (85,13 €), o que fai un total: **490,49 €**.
- ◆ Servizo de Axuda no Fogar -SAF-, correspondente ao mes de SETEMBRO de 2024, por importe de **6.018,67 €**

Segundo o disposto no artigo 83.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento dos prezos públicos, que dispoñen dun prazo de 20 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que podan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulase ningunha reclamación. A presente publicación, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da Lei Xeral Tributaria.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate da exposición pública dos correspondentes Padróns.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. No entanto, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A cobranza en período voluntario tanto dos Padróns do Prezo Público do Viveiro de Empresas como do Padrón do Servizo de Axuda no Fogar, dos períodos indicados, terá lugar no prazo de dous meses contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia -BOP-, transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos que correspondan, nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei 58/2023, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio, de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas/IBAN, designadas polos contribuíntes.

Friol, 14 de outubro de 2024.- O Alcalde-Presidente, José Ángel Santos Sánchez.

R. 3099

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 10 de outubro de 2024 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de setembro de 2024.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Folgoso do Courel, 16 de outubro de 2024.- A alcaldesa presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 3131

LÁNCARA

Anuncio

Anuncio

De conformidade co decreto de 15 de outubro de 2024 faise pública a convocatoria para selección de persoal laboral temporal para a execución do proxecto Obradoiro Dual de Emprego “Os Soutos” en agrupación de concellos Láncara, Paradela e Samos, do que é promotor o concello de Láncara:

- 1 Persoa directivo
- 3 monitores docentes
- 1 persoa de apoio a media xornada.

A convocatoria e as bases aprobadas están publicadas na sede electrónica do Concello de Láncara na seguinte dirección <https://lancara.sedelectronica.gal>.

O prazo de presentación de solicitudes será de cinco (5) días hábiles contados a partir do seguinte á data de publicación.

Láncara, 15 de outubro de 2024.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 3132

MEIRA

Anuncio

ANUNCIO DE EXPOSICIÓN PÚBLICA DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE MEIRA

En cumprimento do disposto no artigo 212 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, na sesión celebrada o día 15 de outubro de 2024, expónse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2023, por un prazo de quince (15) días, a contar dende a publicación no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os que teñan a condición de interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen convenientes.

Meira, 16 de outubro de 2024.- O Alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 3133

O VICEDO

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO

Por resolución da Alcaldía de 19 de setembro de 2024, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de agosto de 2024 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde – Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín . Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes

da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 15 de outubro de 2024.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 3101

XOVE

Anuncio

Por medio do presente faise público que o Pleno desta Corporación, en sesión ordinaria celebrada o 14 de outubro de 2024, aprobou o Plan Estratéxico de Subvencións 2025-2027 do Concello de Xove, de conformidade co disposto no artigo 8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, cuxo texto completo pode consultarse no Portal de Transparencia do Concello de Xove (<http://xove.sedelectronica.gal/transparencia/4e21b796-ae6c-400d-ba27-f4db3e86a282/>) para o seu público acceso.

O que se fai público para xeral coñecemento, aos efectos legais oportunos.

Xove, 16 de outubro de 2024.- O Alcalde, Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3134

MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA TERRA CHÁ

Anuncio

CORRECIÓN DE ERROS

“RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

Vista a aprobación por Resolución da Presidencia 2022-0088 de 26 de decembro de 2022 polo que se aproban as bases xerais e específicas que regularán as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal da Mancomunidade, publicadas no BOP da provincia de Lugo, núm. 299 de data 31 de decembro de 2022.

Vista a publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado núm. 249 de data 15 de outubro de 2024.

Advertido erro material no punto 3 das bases xerais e específicas que regularán as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal da Mancomunidade, publicadas no BOP da provincia de Lugo, núm. 299 de data 31 de decembro de 2022.

Advertido erro material na base 4ª do texto das bases específicas que rexerán xunto coas bases xerais a convocatoria do proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de Oficial de 1ª conductor como persoal laboral fixo no marco do proceso de estabilización de emprego temporal de longa duración da Mancomunidade de Municipios Terra Chá, en relación aos requisitos específicos das persoas aspirantes.

Advertido erro material na base 1ª do texto das bases específicas que rexerán a convocatoria do proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de grupo C, subgrupo C1, escala: Administración Xeral, subescala: Administrativo como funcionario de carreira no marco do proceso de estabilización de emprego de longa duración da Mancomunidade da Terra Chá, en relación ao obxecto da convocatoria.

Conforme o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas conforme o cal as Administracións Públicas poderán, asimismo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

RESOLVO:

PRIMEIRO.—Correxir o erro material detectado no punto 3 das bases xerais e específicas que regularán as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal da Mancomunidade, publicadas no BOP da provincia de Lugo, núm. 299 de data 31 de decembro de 2022, onde di:

“[...]”, así como o anuncio correspondente no DOG.”

Debe dicir:

“[...] e publicarásese, así mesmo o anuncio correspondente no DOG.”

SEGUNDO.- Correxir o erro material detectado na base 4ª do texto das bases específicas que rexerán xunto coas bases xerais a convocatoria do proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de Oficial de 1ª conductor como persoal laboral fixo no marco do proceso de estabilización de emprego temporal de longa duración da Mancomunidade de Municipios Terra Chá, en relación aos requisitos específicos das persoas aspirantes, onde di:

“[...] Estar en posesión do carné de conducir tipo C.”

Debe dicir:

“[...] Estar en posesión do carné de conducir tipo B.”

TERCEIRO.- Correxir o erro material detectado na base 1ª do texto das bases específicas que rexerán a convocatoria do proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de grupo C, subgrupo C1, escala: Administración Xeral, subescala: Administrativo como funcionario de carreira no marco do proceso de estabilización de emprego de longa duración da Mancomunidade da Terra Chá, en relación ao obxecto da convocatoria, onde di:

“[...] As presentes bases teñen por obxecto a regulación específica da convocatoria a través do procedemento de concurso, para a provisión en propiedade dunha praza de oficial de primeira, prevista no cadro de persoal laboral fixo da Mancomunidade Terra Chá e que foi obxecto de inclusión na Oferta de Emprego Público para a estabilización do emprego temporal ao abeiro da Lei 20/21”

Debe dicir:

“[...]As presentes bases teñen por obxecto a regulación específica da convocatoria a través do procedemento de concurso- oposición, para a provisión en propiedade dunha praza de grupo C, subgrupo C1, escala: administración xeral, subescala: administrativo como funcionario de carreira no marco do proceso de estabilización de emprego de longa duración da Mancomunidade da Terra Chá, incluída na oferta de emprego público extraordinaria da Lei 20/21.”

CUARTO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo a presente corrección de erros, así como publicar o anuncio da convocatoria novamente no Boletín Oficial do Estado coa apertura dun novo prazo de presentacións de instancias.

QUINTO.- Dar conta da presente Resolución a Tesoureira, Intervención e a Xunta Plenaria da Corporación na primeira sesión ordinaria que ésta celebre, en cumprimento do disposto no artigo 42, RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento do Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

Copseito, 17 de outubro de 2024.- O Presidente, Don Armando Castosa Alvaríño.

R. 3135

MINISTERIO DE FACENDA**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – MONFORTE DE LEMOS***Anuncio*

CONVOCATORIA DE AYUDAS PARA CONTRATOS TEMPORALES POR CUENTA AJENA DE LAS PERSONAS PARTICIPANTES EN EL TALLER DUAL DE EMPLEO "REHABILITACIÓN NAVES ESCOLA OBRADOIRO A PINGUELA"

BDNS (Identif.): 790966

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/790966>)

Primero. Beneficiarios.

Podrán ser beneficiarias de las subvenciones reguladas en las presentes bases las las personas empleadoras y las empresas, cualquiera que sea la forma jurídica que adopten, incluidas las personas autónomas, las sociedades civiles y las comunidades de bienes, incluso si carecen de personalidad jurídica, cuya actividad esté directamente relacionada con la formación impartida en los talleres duales de empleo, y que contraten trabajadoras o trabajadores por cuenta ajena para prestar servicios en centros de trabajo radicados en el ámbito territorial de los talleres duales de empleo

Segundo. Objeto

Será objeto de subvención facilitar la empleabilidad y ocupabilidad de las personas participantes en el taller dual de empleo "Rehabilitación nave escola obradoiro A Pinguela", financiado a través de la convocatoria 2023 de ayudas y subvenciones a Talleres Duales de Empleo, por la Dirección General de Orientación y Promoción Laboral, perteneciente a la Consejería de Promoción del Empleo e Igualdad de la Xunta de Galicia

Tercero. Bases reguladoras.

Pueden consultarse las bases reguladoras de la presente convocatoria en la siguiente dirección: www.monfortedelemos.es en la sección de SUBVENCIONES. Las entidades interesadas deberán presentar las solicitudes de acuerdo con los modelos normalizados que se facilitarán en el Registro general del Ayuntamiento de Monforte de Lemos, en los servicios sociales comunitarios o en la web www.monfortedelemos.es.

Cuarto. Cuantía.

Para la financiación de estas ayudas se destina un crédito de 3.000,00 €.

Quinto. Plazo de presentación de las solicitudes.

El plazo de presentación de solicitudes será a partir del día siguiente a la publicación del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo y estará abierto durante 30 días naturales

Monforte de Lemos, 15 de octubre de 2024.- Alcalde, José Tomé Roca.

R. 3102

NOTARÍA*Anuncio*

YO, PEDRO ANTONIO LUNA VEGA, NOTARIO DE MONFORTE DE LEMOS, DEL ILUSTRE COLEGIO NOTARIAL DE GALICIA por medio de la presente, comunico:

1) Que en mi Notaría **se está tramitando procedimiento para partición por mayoría regulado en los artículos 295 y siguientes de la vigente Ley de Derecho Civil de Galicia**, el cual se inició en acta de fecha ocho de octubre de dos mil veinticuatro, número de protocolo 1602, que se refiere a la siguiente herencia:

CAUSANTE.- DOÑA MARÍA HORTENSIA OTERO PÉREZ, con DNI-NIF número 32.392.704-X, falleció en O Saviñao, donde tenía su último domicilio, el día tres de junio de dos mil dieciséis, en estado de soltera y sin dejar descendientes.

Falleció sin haber otorgado testamento, habiéndose tramitado la oportuna declaración de herederos abintestato, en actas autorizadas en Monforte de Lemos, por Don Juan J. López Yáñez, los días veintitrés de mayo de dos mil diecinueve y veinticinco de junio de dos mil diecinueve, números 1805 y 2165 de protocolo, respectivamente.

PROMOTORES.- Los siguientes herederos, hermana y sobrinos de la causante:

DOÑA CELSA OTERO PÉREZ

DOÑA BEATRIZ NANCY OTERO MIGUEL

DOÑA AMADORA GONZÁLEZ OTERO

DOÑA MARÍA CARMEN GONZÁLEZ OTERO

DOÑA FELISA GONZÁLEZ OTERO

DON FLORENTINO GONZÁLEZ OTERO

DOÑA HORTENSIA GONZÁLEZ OTERO

DOÑA MARÍA ISABEL GONZÁLEZ OTERO

DON JUAN CARLOS GONZÁLEZ OTERO

DON JOSE MANUEL OTERO LÓPEZ

FECHA Y HORA DEL SORTEO.- Veintiséis de diciembre de dos mil veinticuatro, en la Notaría indicada.

2) Que cualquier persona interesada en dicha herencia podrá comparecer en mi Notaría en el plazo de TREINTA DÍAS HÁBILES, a los efectos de aceptar el procedimiento y, en su caso, proponer un máximo de tres contadores partidores para proceder a la elección por sorteo en la fecha y hora indicada del encargado de verificar cuaderno particional.

Monforte de Lemos, a quince de outubro de dos mil veinticuatro.- El Notario, Pedro Antonio Luna Vega.

R. 3100
